



13b

Pasous'un caso chocante
nas montañas do Sebreiro
cunha rapasa ben feita
que se casou cun ghaiteiro.

As nenas daquela terra
son mui amighas da gaita
como haxa quen lles toque
bailan siempr'e nunca cansan.

Cristovo vendeull'a gaita
Cristovo vendeull'a gaita
e a muller enfadouse
porque lle fasía falta.

“Pois boa cousa fixeches
seica t'atentou o demo
vaite dormir ó palleiro
qu'eu sin gaita non te quero.”

“Pois cal'a boca muller
pa contentarte rapasa
mañán comproch'outra nova
anque empenémo-la casa.”

Pó óutor día Cristovo
cando dou volta prá casa
sal'll'a muller ó camiño
por ver se tráía gaita.

Tan pronto lle veu a nova
botoull'as mans ó punteiro
e dou'as gracias a Dios
tiroliro meu ghaiteiro.



124b

Ónha rapasa máis nova
outro caso aparecido
que se casou cun rapás
que siempre estaba dormindo.

‘Tan pronto se pon na cama
xa se poñí’a roncar
a nena desesperada
poñíasell’a resar.

Ó cab’antes de tres noites
a nena desesperada
pasoull’a man dispasiño
e veu que non tiña nada.

“Vaia por Dios” diso ela
“ves’home nun bo apuro
que nunca cuidein qu’houbera
homes sin nada no mundo.”

Así que tende cuidado
nenas qu’estades solteiras
qu’hai que resistrar ós homes
coma ias vacas na feira.

Que esto sirva de ajemplo
se non lovarés machuelo
porque eu non o levaba
se rexistrara primeiro.

A riqueza deses dous
erach’unha marabilla
por non enché-lo sarghón
dormíanche na cociña.

Tiñan unha pouca palla
no cuberto dun vesíño
xa non tiñ’on colmo sano
que todo taba podrindo.

De dote tiñan un pote
das campanas de Toledo
xa non fan o caldo nel
porque de grande pon medo.

Tamén tiñan un cachiño
de cordel mui delgadiño
para se ir a afogar
cando s’encontra aburrido.